PARLAMENTO DE GALICIA

[MVAG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 19 de setembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, o día 19 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
Miguel Ángel Viso Diéguez
(Vicepresidente en funcións)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
José Alberto Pazos Couñago
(en substitución de María Deza Martínez)
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ariadna Fernández González
(en substitución de José Daniel Pérez López)
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Lara Méndez López)

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Director xeral de Comercio e Consumo

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elaboración do Ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre o Proxecto de lei de promoción dos beneficios sociais que utilizan os recursos naturais de Galicia (doc. núm. 4254, 12/PL-000001)
Publicación de emendas ao articulado, BOPG n.º 45f2, do 01.07.2024
Publicación do informe de Ponencia, BOPG n.º 84, do 16.09.2024

A señora presidenta informa á Comisión da proposta de debate conxunto conforme á seguinte ordenación:

- Unha primeira quenda de portavoces para posicionamento sobre o informe da Ponencia e/ou defensa das emendas presentadas, por un tempo de 10 minutos por grupo parlamentario.
- Unha segunda quenda para fixar posicións sobre as emendas dos demais grupos, por un tempo de 5 minutos por grupo parlamentario.
- E, por último, a votación.

Ao non se manifestar obxeccións, enténdese aprobada a proposta por unanimidade.

Xa que logo, a señora presidenta abre a rolda de grupos parlamentarios para posicionamento sobre o informe da Ponencia e/ ou defensa das emendas.

Nesta rolda o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, polo que toma a palabra en primeiro lugar polo **G.P. dos Socialistas de Galicia** a **señora Iglesias Rey, Patricia**, para defender as emendas números 1 á 34 presentadas polo seu grupo.

Deseguido toma a palabra o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG),** quen, como cuestión previa, envía un saúdo afectuoso ao pobo portugués por mor dos incendios que están asolagando o país. Deseguido, procede á defensa das emendas números 1 á 67.

Na mesma rolda o **señor Pazos Couñago, José Alberto (P),** motiva a presentación por parte do seu grupo da emenda número 1 e destaca o tono e o talante da Ponencia, así como o esforzo e o traballo da letrada asesora deste texto lexislativo. Asemade, súmase ao saúdo agarimoso ao pobo portugués.

Na rolda de posicionamento sobre as emendas dos demais, interveñen a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)** -que tamén se suma ás verbas de agarimo ao pobo portugués expresadas polos voceiros que a precederon no uso da palabra-, o **señor Golpe Acuña, José Manuel (BNG).** Tanto a voceira coma o voceiro amósanse críticos co texto elaborado pola Ponencia, e agardan que o grupo maioritario reconsidere a súa postura de aquí ao Pleno e teña en conta as restantes emendas rexeitadas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na mesma rolda de posicionamento intervén o **señor Pazos Couñago, José Alberto (P),** para facer diversas consideracións de carácter xeral e defender o texto elaborado pola Ponencia.

A señora presidenta procede ao trámite de votación:

1. As emendas cuxas transaccións elaboradas verbo delas, ou cuxa aceptación, propón a Ponencia no seu Informe:

1.1. A transacción elaborada tomando como base a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia número 12, nos termos que se detallan no Informe da Ponencia. Resulta **aprobada** por:

. Votos a favor ..... 16 (G.P. P+BNG+S)
. Votos en contra 0
. Abstencións ..... 1 (G.P. M)

1.2. A transacción elaborada tomando como base a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego número 67, nos termos que se detallan no Informe da Ponencia. Resulta **aprobada** por:

. Votos a favor ..... 16 (G.P. P+BNG+S)
. Votos en contra 0
. Abstencións ..... 1 (G.P. M)

1.3. As emendas cuxa aceptación se propón, e que se relacionan no Informe da Ponencia: números 2 e 4 do G.P. dos Socialistas de Galicia; números 9, 17, 19 e 29, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e número 1 do G.P. Popular de Galicia. Resultan **aprobadas** por:

. Votos a favor ..... 16 (G.P. P+BNG+S)
. Votos en contra 0
. Abstencións ..... 1 (G.P. M)

1.4. As correccións técnicas para engadir os títulos ás disposición derradeiras cuarta bis e cuarta ter, e para referencialas na exposición de motivos. Resultan **aprobadas** por:

. Votos a favor ..... 16 (G.P. P+BNG+S)
. Votos en contra 0
. Abstencións ..... 1 (G.P. M)

2. As restantes emendas dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego cuxo **rexeitamento** propón a Ponencia no seu Informe.

PARLAMENTO DE GALICIA

- Votación das emendas números 1, 3, 5 á 11 e 13 á 34, do G.P. dos Socialistas de Galicia. Resultan **rexeitadas** por:

. Votos a favor ..... 2 (G.P.S)
. Votos en contra ..... 9 (G.P.P)
. Abstencións ..... 6 (G.P. BNG+M)

- Votación das emendas números 1 á 8, 10 á 16, 18, 20 á 28 e 30 á 36, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Resultan **rexeitadas** por:

. Votos a favor ..... 5 (G.P.BNG)
. Votos en contra ..... 9 (G.P.P)
. Abstencións ..... 3 (G.P. S+M)

Finalmente procédese ao trámite de votación do texto articulado proposto pola Ponencia no seu informe, coa incorporación das modificacións correspondentes anteriormente aprobadas. Resulta **aprobado** por:

. Votos a favor ..... 9 (G.P. P)
. Votos en contra ..... 7(G.P. BNG+S)
. Abstencións ..... 1 (G.P. M)

Ao rematarse o trámite da votación, a Presidencia lémbralle aos grupos parlamentarios que, segundo o artigo 119 do Regulamento da Cámara, dispoñen dun prazo de corenta e oito horas para o mantemento das emendas rexeitadas e para presentar votos particulares, se é o caso, que rematará o vindeiro sábado, día 21 de setembro, ás 13.00 horas.

Pásase ao debate do seguinte punto da orde do día:

Punto 2. Pregunta

2.1 9777 (12/POC-001637)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis
Sobre o impacto do impulso da rede Mercados Excelentes de Galicia na dinamización das prazas de abastos, o seu número na actualidade e os criterios para outorgar este selo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Consumo), Gabriel Alén Castro.**

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** agradece a resposta recibida sobre a que expón novas consideracións.

O **director xeral de Comercio e Consumo**, pecha o debate desta iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención e respondendo deste xeito ás consideración plantexadas.

A señora presidenta agradece a presenza do señor Alén Castro nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, se o estima conveniente, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Neste intre a Presidencia informa que, por petición do G.P. dos Socialistas de Galicia, prodúcese unha alteración na orde de tramitación das proposicións non de lei, tramitándose en primeiro lugar a iniciativa 3.2 e a seguir a 3.1. Acéptase por asentimento esta alteración.

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 8255 (12/PNC-000866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e Pérez Fernández, Rosana
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para facilitar o acceso aos PERTE para o sector mar-industria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

A señora presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas: unha de modificación polo G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 11505, e outra de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. núm. 11497, concédelle a palabra ao **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG),** quen procede á defensa e formulación desta iniciativa relativa a facilitar o acceso aos PERTE para o sector mar-industria.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes intervén, en primeiro lugar, a **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, que amosa os motivos da súa emenda de modificación e anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta formulada.

En segundo lugar intervén o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, motivando a presentación da emenda de substitución presentada polo seu grupo que agarda sexa tida en conta. Asemade considera que no punto 4 do texto resolutivo se debe substituír o termo “Galiza” por “Galicia” por ser este o correcto.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións o **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG)**, manifesta que acepta a emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia que pasaría a ser un novo punto 5. A respecto da emenda do G.P. Popular de Galicia acepta o punto 1 da dita emenda, así como a corrección no punto 4 do termo "Galicia" e propón que se someta a votación por puntos.

3.2 6498 (12/PNC-000778)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que asuma a parte complementaria dos fondos Next Generation non financiada por Europa para que poida acceder a eles o pequeno comercio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

Intervén a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** quen, como cuestión previa, traslada un saúdo agarimoso ao pobo portugués por mor dos incendios que están sufrindo nestes días e, de seguido, procede á defensa e formulación desta proposición non de lei con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

A esta iniciativa presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (documento número 11498), polo que, aberta a rolda do grupo parlamentario emendante, intervén para a súa defensa a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P).**

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, o voceiro do G.P. Mixto declina intervir, e toma a palabra a **señora González Iglesias, Carmela (BNG)**, para primeiramente súmase ás verbas de agarimo ao pobo portugués e, a seguir, motivar o posicionamento do seu grupo a favor da proposta de referencia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** comenta as anteriores intervencións agradecendo o apoio do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e motiva a non aceptación da emenda de substitución presentada.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

3.1 6498 (11/PNC-000778), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

3.2 8255 (11/PNC-000866), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación separada por puntos:

Puntos 1 e 4: resultan **aprobados pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes**.

Puntos 2, 3 e 5: resultan **rexeitados** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar os seguintes acordos:

1. Dadas as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia industrial, instar a Xunta de Galicia para que requira ao Goberno de España que garanta o acceso aos fondos das axudas para o fortalecemento industrial na transformación de produtos da pesca e acuicultura ás empresas do sector mar-industria galego.

2. Demandar do Goberno Central a descentralización dos fondos Next Generation para a súa xestión dende Galicia.»

A Presidencia agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 13.00 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.09.27 13:45:20 +02'00'

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2024.09.27 13:13:16 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión